



FEDERACIÓN GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

Saúda
A Presidenta da
Federación Galega de Automobilismo

Os seareiros do automobilismo están de noraboa o ter unha cita ineludible no "35º Rallye do Lacón", nunha vila onde os visitantes son acollidos familiarmente polos veciños e pola entrañable "Escudería Carballiño".

Temos que agradecer o apoio decidido e incondicional dos Excmos. Concellos de O Carballiño, Boborás, O Irixo, Piñor, Cea, Maside, Cenlle, Leiro, San Amaro e Amoeiro.

É de recordar os fundadores do Rallye do Lacón, alá polo 1967, a "Escudería Peña Nove" capitaneada por Don Xosé Ignacio Fontaiñas; e doutros persoeiros que hoxe algúns xa non nos acompañan pero dos que o pobo garda un grato recordo e un inconmesurable agradecemento pola semente do automobilismo deportivo do Carballiño.

Non debemos esquecer que os principais responsables de que cada vez haxa mais galegos facendo automobilismo de competición, sodes precisamente as Escuderías, e todo o que rodea, os que traballades arreo movendo tódolos medios, e realizando unha laboura que poucas veces se valora na súa xusta medida, o selo evento deportivo popular, de libre acceso, e gratuito.

Así mesmo non podería esquecer á Secretaría Xeral para o Deporte, e á Excma. Deputación de Ourense, que co seu apoio institucional e económico fan posible, ano tras ano, que o deporte se sinta arroupado polas Institucións de Galicia as que agradecemos en sobremaneira a sensibilidade co deporte e a cultura.

Para finalizar as miñas mais sinceras felicitacións á "Escudería Carballiño" co meu desexo persoal, e de toda a familia do automobilismo galego, para que teñades un bo proveito gastronómico e deportivo coa celebración do "35º Rallye do Lacón" facendo votos para o bo discorrer da proba, chea de éxito deportivo, celebrando a longa e abundante asistencia de equipos participantes e seareiros do noroeste da Península Ibérica.

Gloria de Burgos
Presidenta da F.G. de A.
(En substitución provisional artigo 34 Estatutos)

XXXV Rallye do Lacón